

a *Novida* *go*

AXENDA CULTURAL DE VIGO
DE BALDE - OUTUBRO DE 2020

LÉVAME!
VOU CONTIGO

ESCANÉAME E DESCARGA A REVISTA NO TEU MÓBIL



ESTE VIRUS PAPÁMOLO **XUNTOS**

CULTURA EN XOGO



Fondo de Proxectos Culturais

Xacobeo 2021

galicia




Xacobeo 2021




XUNTA
DE GALICIA

NAVEGA POLA REVISTA INTERACTIVA




SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.




BOTÓNS

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...



BARRA SUPERIOR

Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premendo na barra superior.



LIGAZÓNS

Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.



PÁX. 7

VIGUÉS DO MES: ELADIO SANTOS

PÁX. 5

EDITORIAL

PÁX. 6

OLLO AO DATO

PÁX. 11

GRAFFITI: VIGO, CIDADE DE COR: POPAY

PÁX. 15

LOCAIS RECOMENDADOS

PÁX. 17

CULTURA EN XOGO

PÁX. 20

EMPRENDEMENTO: TIC EMPRENDES

PÁX. 23

HISTORIA DUNHA CIDADE: SÉCULO DE NÓS

PÁX. 24

AQUÍ MÓVESE: REGRESO Á BARBERÍA

PÁX. 25

AS OUTRAS LUCES

PÁX. 27

AS TÚAS MOVIDAS: A AVOA



PÁX. 13

OUTRAS MOVIDAS



PÁX. 21

PEQUERRECHOS



PÁX. 26

TENDENCIAS: MATRIZ DE NATUREZA E TRADICIÓN

Revista **A Movid**a | Volume 3 (4), outubro de 2020

Edición: Tamara Novoa | **Redacción:** Paula Cermeño, Estela Gómez, Ernesto Is, Laura Juncal, Xurxo Martínez González, Juan Teixeira, Pablo Vázquez Varela | **Fotografía:** Juan Teixeira, Pablo Vázquez Varela | **Diseño e maquetaxe:** Rubén González | **Deseño web:** Beatriz Barros | **Mercadotecnia:** Tamara Novoa e Lourdes Tomé | **Revisión de textos:** Uxío Couto

Edita: A Movid Cultural S.L.L. Unha creación de Beatriz Barros e Tamara Novoa

Impreso por Gráficas Lasa S.L. | Depósito legal: VG 741-2018 | Exemplar gratuíto. Prohibida a súa venda

[f](#) [@](#) [@amovidavigo](#) | [amovida.gal](#)

A Movid non se responsabiliza das opinións expresadas nos contidos desta revista, nin de calquera mudanza nos eventos que nas sucesivas páxinas se anuncian.

Aínda que nunca marchamos, volvemos. Recuperamos *A Movida* impresa, a calor do papel para podermos estar en contacto dentro das distancias impostas. A irrupción da COVID-19 paralizou a todo o mundo. Vímonos na obriga de quedar na casa e toda a actividade se viu relegada ao mundo dixital, mantendo tan activas coma sempre, pero máis vivas que nunca, as nosas redes, empezando por amovida.gal. A cultura volveu demostrar o valor que ten, entrando en plena pandemia para nos facer o confinamento máis levado.

Agora, mantendo a distancia de seguridade, vestidos con máscaras hixiénicas e armándonos de xel hidroalcolico, imos recuperando a actividade. Pero non corre a mesma sorte en todas as partes. O sector da cultura e, de xeito especial, o dos espectáculos ao vivo, mostran unha das caras máis prexudicados neste horizonte de incerteza. Non temos dúbida de que, dun xeito ou doutro, sairemos adiante; pois non se pode entender unha sociedade sen cine, sen música, sen teatro... en definitiva, non se concibe un mundo sen cultura. Pero agora, máis que nunca, debemos apoiar o sector: deamos unha lección de humanidade respectando todas as medidas sanitarias precisas namentres que enchamos cines, concertos e teatros; á vez que nos aprovisionamos de libros, discos e películas. Coa distancia precisa, brindemos, porque a vida da cultura non é incompatible co resto de circunstancias.

SAÚDE!



NUNHA NOVA INTERVENCIÓN artística, a imparable firma de **Davida** volve encher a cidade con efixies de diferentes artistas locais. Moitas destas imaxes están espalladas polas rúas da cidade tal e como se fixera noutrora, pero ademais, desta volta tamén hai ilustracións vencelladas ao proxecto penduradas nas paredes de diferentes locais da nosa urbe.



SE EN OUTUBRO NON TE POS A TRABALLAR, POUCO HAS DE ENCELEIRAR

A NOVA EDICIÓN do programa municipal *Camiño a Camiño* combina as andainas polo monte con actuacións musicais entre catro parroquias: Valadares (sábado 3), Matamá (domingo 4), Coruxo (sábado 10) e Saiáns (domingo 11).

O VENRES 30 fanse 120 anos do nacemento de **Ricardo Carvalho Calero**, o escritor homenaxeado neste ano tan accidentado polo Día das Letras Galegas. O sábado 31, o Teatro Jofre do seu Ferrol natal acolle os actos centrais da homenaxe que tiveron que ser adiados o pasado 17 de maio por mor da pandemia da COVID-19.

CHAMÉMOSLLE HALLOWEEN, Samaín ou Véspera de Santos, o certo é que a noite do 31 de outubro xa está consolidada como unha noite de medo. As almas máis atrevidas poden visitar *Morga*, a casa do terror de Beade (camiño do Laranxo, 12), que só abre as portas na noite das bruxas. Os espíritos máis audaces teñen unha alternativa en *El Bosque del Diablo*, no monte Alba (Valadares), unha nova pasaxe do terror na que con intelixencia se pode chegar a salvar o mundo... ou morrer no intento.





Eladio Santos

«É IMPORTANTE MANTER A VERTIXE, ISO NÓTASE NA EMOCIÓN DA MÚSICA»

TEXTO: TAMARA NOVOA FOTOS: PABLO VÁZQUEZ

QUEDAMOS CON ELADIO SANTOS (Vigo, 1973) o 10 de marzo, a catro días de declararse o estado de alarma. El, canda os seus Seres Queridos, acababan de lanzar o álbum *Academia* e no mes de abril — para o que estaba prevista a publicación desta entrevista— tiñan programado o concerto de presentación do novo disco no Auditorio Municipal do Concello. Despois do estalido da pandemia mundial, as axendas de todo o mundo se viron condicionadas... así que volvemos falar, pero esta vez por teléfono.

Como cambiou a túa vida desde aquel día de marzo no que quedaramos para a entrevista?

A nivel laboral, o que máis noto é non traballar en La Fábrica de Chocolate. Implicaba moitas horas e tamén socializaba moito, agora son coma un monxe. Aínda me estraña estar os venres e os sábados pola noite na casa vendo unha película, aínda que iso sempre me gustou. Tiven que buscar outras formas de traballo. Nunca pensei que sobreviviría sen traballar na Fábrica e aquí estou, pero agora vén o complicado...

Xusto acababades de lanzar un disco, tiñades por diante unha nova xira...

Con *Academia* iniciabamos unha etapa nova. Tivemos que establecer un método máis disciplinado porque pasamos de ser un grupo de rapaces con moito tempo libre, a ser un grupo de señores con fillos e traballos. Agora ensaiamos moito menos, pero dun modo máis eficaz. Quedamos moi contentos co son do grupo nos concertos que demos este verán pasado. Ademais, tiven tempo para traballar na guitarra, poñela a punto e aprender a tocala ben.

Pénsase que para músicos é difícil manter unha vida persoal estable, formar unha familia... pero non é o teu caso, ou?

Teño unha vida familiar non moi diferente da que tiñan os meus pais. Son moi caseiro, gústame cocinar, arrombar os cuartos... Son moi feliz na casa. É certo que un sempre vive con certa vertixe sobre o que vai pasar o ano que vén, se un podería seguir vivindo así. Pero penso que iso agora é o que lle pasa a todo o mundo, non é algo excepcional.

Que balance fas dos tres lustros de Eladio y los Seres Queridos?

Non é unha carreira meteórica en absoluto, foi moi pouco a pouco, case sen decatarse. →



**«Agora
poder decir
que tes un grupo
desde hai 15 anos
xa é un éxito»**





Hai unha frase de **Josele Santiago** que se adapta moi ben a isto: «Méteste nunha furgoneta e un día pasaron 30 anos». Pero estou moi satisfeito, todo serviu para realizarnos, expresarnos... Non tivemos grandes altibaixos, pasaron unha chea de grupos, un feixe de modas e nosoutros sobrevivimos. Agora poder dicir que tes un grupo desde hai 15 anos xa é un éxito.

Por que queredes presentar o novo disco no Auditorio do Concello, non en La Fábrica, como vén sendo habitual en vós?

Facer a presentación na Fábrica xa era un ritual e creo que é bo rachar coa rutina. Penso que era moi malo para o grupo ser compracentes, acomodarse no que funciona, porque se vai perdendo o interese, a vertixe... É importante manter a vertixe, iso nótase na emoción da música. Estamos ensaiando para que a xente que nos viu un montón de veces, vexa un grupo novo e que se reen-ganche; nese sentido temos que ser valentes e queimar unha bandeira.

Como foron os teus inicios como músico?

Javier Feijóo «Chisco» e mais eu eramos compañeiros de clase. Un día chegou á escola a cunha gaita; iso fascinoume e nun par de semanas xa estábamos tocando. El ensinoume a tocar a fruta doce e botei dos 9 ata os 13 anos escoitando música *folk* e tocando a gaita. Empecei a tocar a guitarra porque vivindo nun piso o de tocar a gaita era complicado... Cando tiña 14 anos, había un grupo *punk* que precisaba un guitarrista e alá fun de cabeza. Aí foi cando me metín na furgoneta e xa non parei.

E no medio de todo ese proceso, cando

decides que te vas dedicar a isto?

Nun momento dado coñecín a **Tony Lomba** e el sacoume adiante. Con el vivín situacións extremas sobre o escenario que me fixeron perder o medo. Creo que de non ser por el, eu nunca chegaría a cantar; de feito, cando era simplemente o guitarrista, agochábame para que non se me vise moito.

Lembras o teu primeiro concerto en Vigo?

Foi a finais dos anos 80 na praza de Compostela, alí había unha especie de casa *okupa* onde se deu un concerto das bandas **Desvirgueiros, Os Raiados** e o meu grupo, **Juerga General**. No primeiro concerto tivemos moitísimo éxito e si que me sentía como nunha película

de **Raphael**... Daquela os concertos estaban sempre cheos e o son dun acorde de guitarra con distorsión era algo liberador.

O dos Seres Queridos foi bastante despois...

No verán de 2005. Sabía que La Casa de Arriba

non tiña programación estival e ocorrúes-me facer uns concertos semanais para non quedar tirado. Os «Seres Queridos» eran os artistas invitados que tocaban xunto a min en cada concerto. Naqueles concertos tiña licenza para facer o que me apetecese e iso liberoume, deixei de ser un músico que toca as cancións de alguén para pasar a ser o cantante. Empecei a ver que lle gustaba á xente e naquel mes de setembro xa tiña propostas para gravar, polo que simplemente tiven que deixarme levar.

«El tiempo futuro» converteuse nunha sorte de himno da nosa cidade.

Teño unha edificación moi grande con Vigo e con Galicia. Gústame o carácter →

«Creo que de non ser por Tony Lomba, eu nunca chegaría a cantar»



desta cidade, o clima, ten unha atmosfera moi acolledora, sempre tiven consciencia diso. E cando estás por aí sempre estás deseando que chegue o sábado para volver. «El tiempo futuro» era unha canción esquecida, non era das primeiras cancións daquel disco, *Están Ustedes Unidos* (2011); non imaxinaba que chegase a ser das máis relevantes. No seu éxito tivo moito que ver o vídeo, diso estou seguro diso.

E agora, inmersos no outono da pandemia coas salas de concerto pechadas e coa complicación de facer cousas ao aire libre, que opción vos queda?

Eu son moi receptivo ao que veña e ademais estou explotando a opción de cantar en solitario, vou a onde me chamen. Pero o certo é que a axenda de concertos está parada, polo que intentarei facer máis traballos de produción na casa para chegar ata a primavera.

Que tal a experiencia de dar concertos co público sentado e con todas as medidas de seguridade tomadas por causa do coronavirus?

Depende. A xente está moi atenta e hai un silencio co que se pode traballar moi ben, pero ao principio foi moi desconcertante. A imaxe era de ciencia ficción, como tocar para un exército *ninja*. Nesta tesitura pódense conseguir momentos moi emotivos, pero son concertos moito máis esixentes nos que cómpre estar concentrado todo o tempo.

Será un reto ata poder dar concertos coma os de antes...

Pensar niso faima tanta ilusión! Só de pensar que a xente poida estar de pé, aínda que haxa restricións... Se me din «mira, iso vai-se poder facer a partir de setembro do ano que vén», pois xa está, xa teño un obxectivo. Vivir con ilusión é o máis importante.

SAIAMOS DISTO CON SENTIDIÑO



NON TIREMOS POLA BORDA O
TRABALLO FEITO ATA AGORA



#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN



**XUNTA
DE GALICIA**

coronavirus.sergas.gal
900 400 116



O MURAL ESTÁ Á ALTURA DO NÚMERO 52 DA AVENIDA DA ATLÂNTIDA.





JUAN TEIXEIRA

Fotógrafo documental
e xestor cultural

VIGO, CIDADE DE COR:

Popay

170 horas de traballo repartidas en 30 días, e máis de 800 boquillas para 200 botes de aerosol. Estes son os datos detrás da increíble obra que asina en Bouzas o artista **POPAY** e que, sen dúbida, o máis grande crebacabezas multicolor de toda a cidade. Unha peza única, da que o propio autor declarou ao que acabou de compoñela: «É a mellor e máis grande obra da miña vida, polo de agora». Iso é moito dicir para un artista da súa transcendencia, con máis de tres décadas de traballo no lombo, que concibiu desde un principio esta pintura como algo especial: «Quería que non se

entendese nada ao lonxe, para obrigar a que o espectador se achegase ao muro; non me interesa tanto aproveitar unha parede grande para acrecentar algo que é pequeno, senón aproveitar para facer milleiros de cousas pequenas tecendo algo grande».

Por loucuras coma a de este mural, este artista barcelonés nado co nome de **Juan-Pablo de Ayguavives** é considerado un mito no eido da *street art*. Comezou revolucionando a escena do graffiti parisiense a finais dos anos 80, aplicando novas técnicas e referencias ao impresionismo francés, ata popularizar e anovar o xénero. Na década dos 90 xa era todo un referente. A pesar do éxito acadado, soubo manter a espontaneidade e liberdade que o caracterizou desde o principio da súa carreira. Polo camiño experimentou con medios dixitais e todo tipo de disciplinas artísticas para crear ilustracións, portadas de discos ou proxeccións de vídeo.

Popay sempre volve á rúa innovando. Tal é o caso do xigantesco mural que cos seus poliedros coloristas nos hipnotiza na avenida da Atlántida: un traballo racional e asemade ilóxico, atolado e concienciado, excéntrico e deliberado.

ACTIVIDADES 2020/21

AS
PEDRIÑAS
TERRITORIO
CULTURAL

SAÚDE E CRECEMENTO
PERSOAL

DESEÑO, ARTESANÍA, ARTES

AS
PEDRIÑAS
TERRITORIO
CULTURAL

RECURSOS

- Fotografía Dixital
- Iniciación á Informática
- Estimulación Cognitiva
- Cociña
- Adestramento Canino

- Pilates
- Ioga
- Hipopresivos e Pilates
- Mindfulness
- Tai-chi - Chi Kung

- Coiro
- Rafia
- Restauración e Decoración
- Cerámica
- Corte e Confección
- Scrapbook

EXPRESIÓN

- Guitarra
- Zumba
- Ximnasia e Batuka

FOLCLORE E TRADICIÓN

- Baile Tradicional
- Gaita e Percusión
- Pandeireta e Canto

CHAMANOS E INFORMATE

☎ 616 523 807 / 986 28 80 57

✉ pedrinhas@tameiga.com

Avda. Rebullón, N.º 23
36416 Tameiga - Mos
PONTEVEDRA

AS PEDRIÑAS
TERRITORIO
CULTURAL

CMVMC
TAMEIGA



OUTRAS MOVIDAS

ATA O 10 DE XANEIRO SEDA DE CABALO MUSEO MARCO

A maior de cantas exposicións se realizaron ata esta data de **Manuel Vilaríño**, fotógrafo e poeta, Premio Nacional de Fotografía 2007. Unha mostra que revisa a súa traxectoria a través dunha selección de fotografías, instalacións, vídeos, e tamén unha parte da súa produción poética desde 1980 ata a actualidade.

DE MARTES A SÁBADO, DAS 11.00 ÁS 14.30 H E DAS 17.00 ÁS 21.00 H;
DOMINGO DAS 11.00 ÁS 14.30 H // GRATIS



Foto: Manuel Vilaríño

SÁBADO 3 BAZARES NOS BARES CHURRUCA

Volve o evento que fai da zona de Churruca toda unha feira. Mercado, obradoiros e tapas en diferentes locais das rúas de Afonso XIII (Vitter), dos Irmandiños (Bizarre e Mr. Moch Beer), de Martín Codax (Cantina Candela, Gotham, La Casa de Arriba e Tinta Negra) e de Rogelio Abalde (Reserva Rock), con artesanía, ilustración, libros, música, produtos ecolóxicos e moito máis...

DAS 12.00 ÁS 22.00 H // GRATIS



Carril: Rubén Suárez Soraa

DOMINGO 11 ORQUESTRA VIGO 430 AUDITORIO AFUNDACIÓN

Segundo concerto do *Ciclo de Outono* da OV430, que interpretará a *Sinfonía n.º 4* de **Beethoven** e mais o *Concerto para piano n.º 2* de **Chopin** a mans da extraordinaria **Anna Fedorova**, e guiada pola batuta de **Isabel Rubio**, directora asociada da orquestra.

ÁS 19.00 H // PREZO POR CONFIRMAR





VENRES 16 DREAMING JULIET AUDITORIO DO CONCELLO

Espectáculo para o público adulto inspirado en *Romeo e Xulieta*, a popular traxედia de **Shakespeare**, para tratar a cuestión máis esencial da existencia humana: o amor. Cunha linguaxe visual asentada no teatro de movemento, na música interpretada en directo e na danza, este espectáculo crea unha poética universal da paixón.

ÁS 21.00 H // DESDE 8,00 €

MARTES 27 LOSERS TEATRO AFUNDACIÓN

Jon Plazaola e Aitziber Garmendia interpretan a situación vital de dous perdedores en torno aos 40 anos que aínda non acadaron todo o que a sociedade di que deberían ter no seu tempo.

HORA E PREZO POR CONFIRMAR



DO MÉRCORES 28 AO SÁBADO 31 GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL SALA VIDEODROME

A terceira edición do festival fílmico friqui de Galicia (GFFF) concentra no Mercado do Progreso catro días dedicado ao cinema de ciencia ficción, fantasía, gore, terror e series B e Z. Este ano o filme homenaxeado é *The Shining*, de **Stanley Kubrick**, que este ano conmemora o 40º aniversario.

HORARIO VARIADO // DESDE 5,00 €

Cartel: Paulo Mosca e María Llauger

LOCAIS RECOMENDADOS



BOUZAS

This inset map shows a section of the city with the street **Beiramar** and the area labeled **BOUZAS**. It features two numbered markers: a green circle with the number 27 and a pink circle with the number 3.

BALAÍDOS - NAVIA

This inset map shows the **NAVIA** area, including **PARQUE DA BOUZA**. It features two numbered markers: a green circle with the number 5 and another green circle with the number 9. A yellow highlighted path is shown, passing through the area.






-  **ARTE E MUSEOS**
-  **GASTRO**
-  **CONCERTOS**
-  **PEQUERRECHOS**
-  **COPAS**
-  **TENDAS**
-  **ESPECTÁCULOS**

TAXI VIGO  986 47 00 00
 647 47 00 47

PARA MÁIS INFO SOBRE OS LOCAIS VISITA
AMOVIDA.GAL/LOCAIS-RECOMENDADOS

- 1 ALBATROS** Peirao de Transatlánticos, s/n
- 2 ALTA FIDELIDAD** Praza da Constitución, 12
- 3 ÁRTIKA** Beiramar, 113
- 4 BRUTAL BAZAR** Carral, 19
- 5 CIBUS NAVIA** Teixugueiras, 11 e Teixugueiras, 29
-  **6 DOPPLER, SALA** Martín Códax, 21
-  **7 EL CONTRABAJO** Venezuela, 82
- 8 EL MONO VINTAGE BAR** Velázquez Moreno, 37
- 9 EL TRIGAL, PANADERÍA**
Alexandre Bóveda, 1 e A Sede do Celta: Príncipe, 44
- 10 ELEPÉ, DISCOS** Doutor Cadaval, 35
- 11 FLAMINGOS VINTAGE KILO** Doutor Cadaval, 21
- 12 FONSECA GOURMET - DELICATESSEN** Camelias, 123
- 13 GÁLGALA** Pracer, 4
- 14 ÍCARO, PUB** Pintor Colmeiro, 3
- 15 JUKEBOX** Heraclio Botana, 4
- 16 LA CASA DE ARRIBA** Martín Códax, 23
- 17 LA TIENDA DE PAZ** Canceleiro, 11
- 18 LE MARCHÉ DE RACHEL** Marqués de Valadares, 22
- 19 LIBROURO** Eduardo Iglesias, 12
- 20 MÁIS PALÁ** Manuel Núñez, 18
- 21 MERCADO DE TEIS** Toural de Abaixo, s/n
-  **22 MIMOSA CAFÉ TEATRO** Travesía de Vigo, 72
- 23 MR. MOCH BEER** Irmandiños, 15
- 24 NATURNOVA AFUNDACIÓN**
Velázquez Moreno, 18 - 20
- 25 NIKIS GALICIA STYLE**
Praza da Pedra, 5 e Porta do Sol, 8
- 26 NÓS - CERVEXERÍA** Palma, 3 e Fisterra, 1
- 27 PATOURO** Praza de M. Diego Santos, 3
-  **28 PRIMAVERA, BAR** Ronda de Don Bosco, 17
- 29 RATALOKA TATTOO** Camelias, 22
-  **30 ROUGE** Pontevedra, 4
- 31 SARA GARCÍA PELUQART** Couto Piñeiro, 2
- 32 SEDE AFUNDACIÓN** Policarpo Sanz, 24 - 26
- 33 SR. NILSSON** Triunfo, 2
- 34 TEATRO AFUNDACIÓN** Policarpo Sanz, 13
- 35 TEATRO ENSALLE** Chile, 15
- 36 TREPIA GASTRONOMÍA** Carral, 9
- 37 VERDE MOSTAZA** Paraguai, 6
- 38 VITTER, BAR DE COCKTAILS** Afonso XIII, 32
- 39 WOODTOWN** Camelias, 20

 Pechado temporalmente



Cultura en xogo

TEXTO: PAULA CERMEÑO E PABLO VÁZQUEZ

FÓRA DUNHAS POUCAS SEMANAS no verán, as salas de concertos levan pechadas por decreto máis de medio ano. Concretamente, a Orde do 15 de agosto de 2020, recollida no Diario Oficial de Galicia, impide abrir «as discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas, así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores». Unha situación dramática que de non cambiar nos seguintes meses pode supoñer unha catástrofe cultural para o país.




Marcos Vázquez, delegado en Vigo da Asociación Galega de Salas de Concertos e xerente de La Fábrica de Chocolate Club, explica o problema da seguinte maneira: «O Concello nunca regularizou a actividade das salas, senón que utilizamos licencias de pubs e discotecas e déixanos facer concertos de maneira informal». En resumo, na nosa cidade non existen salas de concertos legalizadas pola máxima institución local, que sitúa os locais que exercen como tal nun limbo legal que obriga ao peche sen propoñer ningunha alternativa que evite o risco de desaparición. «Hoxe en día é imposible conseguir unha licenza de sala porque hai tal resistividade que ninguén podería cumprir coa norma». Pola súa banda, **Pablo Iglesias**, xerente das salas Mondo Club e Radar Estudios, opina: «Non podes pechar e acabouse, sen apoios nin axudas. As salas fixeron un esforzo tremendo, cumprindo coas obrigas e moito máis, pero penso que os erros doutras comunidades neste aspecto pasounos factura a todos». Tamén cre que desde medios de comunicación e institucións se están a sinalar como culpables de todos os problemas aos responsables do sector do *ocio nocturno*: «un termo que a nosoutros non nos gusta porque nos inclúe nunha serie de cousas coas que non temos nada que ver». **Vázquez** pensa que «buscar un culpable é a maneira máis fácil de aparentar que se está a tomar en serio a cousa, prohibindo a actividade de calquera». A falta de responsa por parte das institucións tamén resulta alarmante: «Nalgunhas cidades estanse a outorgar licenzas para poder realizar concertos






de día; aquí, xa van tres solicitudes da nosa Asociación á que o Concello non responde», lamenta. En xullo volvéronse abrir as portas, pero o que podería parecer unha boa nova, non foi tal: «Eu non era partidario de volver abrir ata que non fose de xeito definitivo, porque iso xerou máis gastos e máis rompedeiros de cabeza para acabar por non gañar nada», comenta **Pablo**. Como xa vai a maioría do ano acumulando perdas, os dous empresarios coinciden en que o mínimo sería que a administración se fixese cargo dos gastos fixos dos establecementos, como o alugueiro ou as facturas. Se isto non sucede, posiblemente La Fábrica se vexa na obriga de solicitar un concurso de acredores proximamente, namentres que outras salas teñan que botar o feche definitivo. Á parte, unha boa solución podería ser que se permitise realizar a actividade habitual en réxime diúrno ou que se organice un ciclo de concertos público repartido polas salas da cidade, agora que entramos de cheo na

climatoloxía menos dada aos espectáculos ao aire libre. Lembremos que en Vigo case un cento de familias vive directamente dos locais de música, sen contar co innumerable número de profesionais afectados indirectamente por estas circunstancias.



A cara máis esperanzadora da panorámica cultural atopámola nos cines e teatros. Neste seu caso, a Consellería de Sanidade, resolveu permitirlles encher ata o 75 % do aforo, sempre e cando se cumpra a obriga de levar máscara e que o público permaneza sentados o maior tempo posible. É o caso da Sala Ártika, que retomou as actividades de formación e de espectáculos o mes pasado, coa iniciativa do I Festival Comediártiko. **Marcos Alonso**, socio da sala, cóntanos que a adaptación á nova normalidade implica aumentar o gasto en concepto de persoal →




e útiles de desinfección o que supón unha redución engadida nos ingresos, algo para o que coida que debería estar recibindo axudas: «Se o protocolo esixe uns medios específicos, a administración debería estar disposta como mínimo a informarnos e en última instancia a poñelos, se é que queren que os teatros sigan abertos». Tamén se pregunta por que o Concello enche unicamente o 25 % da capacidade do Auditorio Municipal, un feito que o público percibe como unha falta de seguridade por contraste co resto das salas: «Dá a sensación de que o estamos a facer mal, cando cumprimos a lei escrupulosamente». En canto á resposta da asistencia, **Alonso** comenta que é desigual: «Nótase o medo aos espazos pechados e temos menos público que antes da pandemia, cando levabamos unha racha moi boa».

Tamén nun espazo con butacas, entre os días 13 e 17 deste mes, ten lugar o V Festival de Cine Inclusivo de Vigo. O director do

certame, **Gonzalo Suárez**, asegura que a iniciativa segue medrando, malia a caída de patrocinadores, e continúa co obxectivo de facer accesible a cultura cinematográfica, eliminando barreiras físicas e achegando as pezas exhibidas mediante audiodescrición e subtulado, ao tempo que buscan sensibilizar á poboación sobre a diversidade funcional: «Como novidades, este ano abrimos concursos de *webseries*, de longametraxes de ficción e de curtas documentais». A Covid-19 propiciou que esta edición estea dedicada ao persoal sanitario, baixo o lema *Aos que nos coidan*, estreado no cartel deseñado por **Abi Castillo**, e que tamén se tivo en conta para a escolma dos filmes deste ano.


Gonzalo porfía en que «un teatro é un espazo seguro» e coincide con **Marcos Alonso** en que o problema non é tanto cumprir cos protocolos, senón ter claro cales son. «Precisamos que as normas estean ben definidas de vez», sentencia **Alonso**.



TI© EMPRENDES

Tes entre 16 e 30 anos? Vives nun municipio rural da nosa provincia? Gustaríache desenvolver unha actividade profesional sen necesidade de moverte á cidade? Se a resposta ás tres preguntas é si, talvez che interese Ti© Emprendes, o proxecto financiado polo Fondo Social Europeo e mais a Deputación de Pontevedra para a formación en ferramentas da tecnoloxía e da información que pretende aumentar o emprego e o emprendemento na mocidade.

Aplicacións móbiles (para Android e iOS); Contidos dixitais: imaxe, vídeo e videoxogos; Creación e xestión de tendas en liña; Servizos de bar e cafetería; DJ (intensivo); Guía por itinerarios en bicicleta; Márketing dixital: estratexias SEO, SEM, redes sociais e análise do tráfico web; Monitor deportivo: acondicionamento físico en grupo con soporte musical... e así ata 13 cursos diferentes onde se poderán mellorar diversas habilidades tecnolóxicas que contribúan a desenvolver a actividade que máis interese e contribuír a reactivar a economía e reducir o déficit demográfico no campo provincial.



390 persoas de 31 concellos pontevedreses poden optar a este programa a través da web depo.gal/tic-emprendes. Ademais, cada participante pode aspirar a diferentes axudas económicas por asistencia á formación. Un bo plan para contribuír a mellorar o futuro profesional e asemade revalorizar o rural. Se podes, non o perdas!

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

TI©
EMPRENDES

O TEU RURAL
TEN FUTURO

DIRIXIDO A

Mozas e mozos entre 16 e 30 anos cos seguintes requisitos:

- Inscritas/os no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil
- Residentes nos concellos rurais adheridos ao programa
- Desempregadas/os
- Non integradas/os no sistema de educación ou formación

ACCIÓNES FORMATIVAS DE SETEMBRO DE 2020 A ABRIL DE 2021

Guía por itinerarios en bicicleta, DJ (intensivo), Márketing dixital, Aplicacións móbiles (apps), Venda de produtos e servizos turísticos, Operacións básicas de pisos en aloxamentos, Imaxe, vídeo e videoxogos, Servizos de bar e cafetería, Monitor/a deportivo/a en grupo con soporte musical, Tendas en liña, Servizos de bar e cafetería, Organización e xestión de almacéns

ACCIÓNES FORMATIVAS CON BOLSA PARA DESPRAZAMENTO

CALOR

Inspirándose na situación que viven moitas persoas carentes de fogar, esta obra de novo circo presenta un universo onírico e poético onde o público está convidado a sentir, imaxinar e rir, a pensar e xogar.



Data e hora: venres 9 ás 21.00 h // **Lugar:** Auditorio Municipal // **Prezo:** 8,00 € // **Idade recomendada:** a partir dos 4 anos.

LAMBETADAS

Unha lambetada é un doce, algo saboroso, que se come por gusto. Pero tamén é a acción de pasar a lingua buscando un efecto agradable. Partindo da dobre acepción da palabra elabórase un doce e gorentoso espectáculo teatral, pasando a lingua amodiño, con leite, sobre unhas historias que nos deixan cun sorriso nos beizos. Unha obra dirixida por **Santiago Cortegoso** nomeada ao Mellor Espectáculo Infantil nos Premios María Casares.



Data e hora: domingo 25, ás 18.00 h // **Lugar:** Auditorio Municipal // **Prezo:** 5,00 € // **Idade recomendada:** dos 6 aos 11 anos.

**ENCANTRO
CON LEDICIA COSTAS
E VÍCTOR RIVAS**

Co gallo do Día da Biblioteca prográmase esta xuntanza infantil coa escritora **Ledicia Costas** e co ilustrador **Víctor Rivas**, creadores de éxitos da literatura infantil como *Escarlatina*, *a cocineira defunta* ou *Esmeraldina, a pequena defunta*.



Data e hora: luns 26, ás 18.00 h // **Lugar:** Biblioteca Xosé Neira Vilas // **Prezo:** gratis (prazas limitadas, baixo inscrición previa chamando ao teléfono 986 267 759) // **Idade recomendada:** a partir dos 7 anos.

XXV FESTIVAL INTERNACIONAL GALICREQUES

Unha programación de propostas variadas, con diversidade de argumentos, estéticas e técnicas a base de animación de obxectos, marionetas de fío, monicreques de luva, teatro de sombras... nun programa conformado a base de diferentes nacionalidades:

O día em que a morte sambou (Brasil), sábado 10 ás 18.00 h, a partir dos 8 anos.

No es el fin del huerto de Fermín (Salamanca), domingo 11 ás 20.00 h a partir dos 5 anos.

Migrates (Galicia), venres 16 ás 21.30 h, a partir dos 12 anos.

Plastikus (Portugal), sábado 17 ás 21.30 h, para todas as idades.

El hombre que plantaba árboles (México), domingo 18 ás 20.00 h, a partir dos 6 anos.



Lugar: Sala Ártika // **Prezo:** desde 6,00 €.



FÍOS QUE TECEN VIDAS ARTEIRAS

Os monicreques teñen madeira de contacontos que desenvolven a creatividade e a imaxinación, acrescentando a capacidade de atención educando en valores a grandes e pequenos: artes plásticas, contexto social, natural e cultural; literatura en movemento, teatro...

Nun momento como o actual, no que se fala de innovación, integración e traballo cooperativo, os monicreques son unha resposta posible a moitas das preguntas sobre o futuro do ensino en calquera nivel. Trátase dunha proposta pensada desde unha perspectiva aberta e intercultural, abranguéndose nunha sociedade que pretende ser un faro de respecto, tolerancia e que valore a diversidade. Todo isto ten como punto de encontro a **SALA ÁRTIKA**, onde cada recuncho é ideal para facer cursos de formación artística (acrobacia, comedia musical, danza, teatro...). Un universo suculento para a paixón pola arte!

Un ano máis, a devandita sala da avenida da Beiramar acolle o **FESTIVAL INTERNACIONAL GALICREQUES**, unha cita con obras de diferente envergadura, perseguindo que todo o mundo que asista obteña unha experiencia única, enriquecedora e, sobre todo, que quede coa gana de volver.

LAURA JUNCAL

Educadora



XURXO MARTÍNEZ GONZÁLEZ

Historiador

SÉCULO DE NÓS

Cen anos non son nada. Un suspiro no vento da historia. Existimos dende hai milenios. Pro chegar a 100 é un logro porque sabemos da caducidade humana. Cada século dunha efeméride é festexado con ánimo. Pro á vez descabalgamos outras datas anteriores. A memoria é selectiva.

Vicente Risco, o detector dos nervios da nación, escribiu varios textos en 1920. A

priori, distintos entre si pro demostrativos da paixón dunha época. Penso en *U... ju... juu* (poema futurista), no que nos dedica versos: «Vigo [fita] os raña-ceos de Nova York/ GALICIA FOR

EVER». **Manoel Antonio** débelle moi-to. Logo aparecería *Teoría do nacionalismo galego*, unha obra que deu sustento teórico ao galeguismo de preguerra. O groso da tese procede de **Murguía** e do programa das Irmandades da Fala. Pro **Risco** atopou as letras xustas pra dicilo e sinalou os retos concretos a conseguir. Fíxoo dende un sentir tradicionalista, non compartido por outros camaradas. O 30 de outubro dese 1920 saíu o primeiro número da revista **NÓS**,



órgano da cultura galega. **Risco** como director, **Castelao** como director artístico e **Noguerol** como administrador. Unha publicación conectada con Europa e co pensamento na patria. De aquí nace a etiqueta «grupo Nós», pra o que outros chaman definen como a «xeración do 16». Na escola estudamos estes escritores. Lemos os seus libros con máis ou menos apetito. Pro non soubemos dos músicos, pintores ou escultores. Este grupo foi amplo e produtivo coma un océano. En común tiñan a súa intelixencia ao servizo do país. Por que? Porque Galiza se desgaleguizaba, dixeron. Perdiase o que somos como pobo. É dicir: perdiase parte dun patrimonio mundial expresado na lingua, na arte, na paisaxe... Quen, agás nós, podemos soste este acervo?

A xeración Nós modernizou a cultura galega. Pra iso confrontaron ideas cos adeptos ao folclorismo do século XIX. Estas tensións

percíbense nas polémicas vividas no teatro galego, no manifesto *Máis alá!* ou no debate musicolóxico entre **Xesús Bal** e **Leandro Carré**. Sempre hai quen tira pra adiante e quen pon o freo. Medo

ao cambio porque se teme que non sexa pra mellor. Hoxe estamos máis avanzados do que eles soñaran pro menos do que nosoutros soñamos. Así é cada xeración, pois somos parte dunha época. En ambos casos coincidimos en dúas cuestións: poñer o noso saber ao servizo común como remedio á desintegración da cultura, da lingua e desta a nosa Terra.

Todo está nas nosas mans. Depende de *Nós*.

REGRESO Á BARBERÍA



A de barbeiro non foi a primeira profesión de **Guillermo**, pero si a que o enganhou definitivamente, atraído polo trato cos clientes e a fascinación polo gusto *vintage* dos establecementos de coidado persoal masculino que comezaban a abundar, hai tres anos e medio decidiu abrir o seu propio negocio na avenida de Castrelos.

Guillermo sumouse ao mundo das barberías neotradicionais, onde a estética do local xoga un papel moi importante. Nas

súas propias palabras, «o futuro das barberías está no pasado». O seu local incorpora elementos das clásicas barberías estadounidenses, como o simbólico poste con raias en azul, branco e vermello ou as butacas de chasis prateado e asento de pel; cóidanse todos os detalles, desde as impolutas chaquetas brancas ata a música. Unha moda que reconece que pasará porque, como todas, é cíclica: «do mesmo xeito que un día volveremos usar pantalóns de campá», pero que, sen dúbida, serviu para popularizar en Europa un oficio en perigo de extinción: o salón de peiteado especializado en cortes de cabaleiro e barba. «Xa non abonda con meter a máquina ao cero», explica o xerente do negocio, que apunta a unha profesionalización do sector en constante crecemento. Moitos homes demandan un corte acorde coa forma do seu cabelo, cranio e cara. Todo isto é tido en conta na barbería Savoy no momento de aconsellar á clientela, aínda que moitos xa teñen claro o que queren ao entrar pola porta. «Pídense moito cortes de pelo de xogadores de fútbol», comenta o barbeiro.

Desde logo, a estética non sería de abondo de non ir acompañada dun trato exquisito, como o que o xerente e os dous empregados da barbería ofrecen a todo o cliente de **SAVOY**. Todo pensado para que arranxar a barba ou o pelo se converta nun auténtico pracer.

Cita previa:

886 12 59 31
barberiasavoy.com

Enderezo postal:

Avenida de Castrelos, 40

Horario:

martes a venres, das 9.30 ás 20.00 h;
sábados, das 9.00 ás 14.00 h

@ [barberiasavoy](#)



ERNESTO IS

Escritor



**CELESTE GARRIDO:
'OS TEUS OLLOS DIN O QUE
A TÚA BOCA CALA'
- MARCO -**



Mostra deseñada especificamente para o museo MARCO pola artista marinense **Celeste Garrido**. Unha coidada selección de obras en diferentes formatos que constrúe un relato en torno á temática do corpo como material, como soporte, como suxeito e como receptor, con especial alusión ao corpo feminino e ao vestido como símbolo.

A PARTIR DO VENRES 2 // DE MARTES A SÁBADOS -FESTIVOS INCLUIDOS-, DAS 11.00 ÁS 14.30 E DAS 17.00 ÁS 21.00 H; DOMINGOS, DAS 11.00 ÁS 14.30 H GRATIS



**DIEGO ANIDO: 'O ALEMÁN'
- TEATRO ENSALLE -**

Unha peza con vocación experimental que orbita a redor da idea de sacrificio como neutralizador do absurdo que pode ser a cotiandade.

**VENRES 2, SÁBADO 3 E DOMINGO 4 // 21.00 H
RESERVAS: teatroensalle.com**



**MOFA E BEFA:
'DÚAS PEDRAS NO CAMIÑO'
- SALA ÁRTIKA -**

O I Festival Comediártiko, iniciado o mes pasado no seo da sala Ártika, remata con *Dúas pedras no camiño*, un espectáculo antolóxico de **Mofa e Befá**.

**VENRES 2, SÁBADO 3 E DOMINGO 4 // 21.30 -VENRES E SÁBADO- E 20.00 H -DOMINGO-
10,00 € -ANTICIPADA- / 14,00 € -XERAL-**



**INICIACIÓN Á CULTURA
DO VIÑO
- CÍRCULO DE EMPRESARIOS
DE GALICIA -**

Curso de tres tardes con 18 viños para descubrir os fundamentos principais destes caldos e aplicalos ás variedades do país.

**MÉRCORES 7, 14 E 21 // DAS 18.30 ÁS 21.30 H
80,00 €**



**AGUSTÍN LEIRÓS:
'CREACIÓN ACTORAL'
- O ALMACÉN CULTURAL -**

Obradoiro creativo dirixido a artistas intérpretes profesionais e afeccionados impartido por Agustín Leirós.

**SÁBADO 10 // DAS 10.00 ÁS 19.30 H
INSCRICIÓN: oalmacencultural.com**



ESTELA GÓMEZ

Correctora literaria
e redactora de contidos

MATRIZ DE NATUREZA E TRADICIÓN



Que acontece ao mesturar as tradicionais técnicas artesanais da cestería e do *macramê* e darlle un toque minimalista e contemporáneo? A resposta tráenola **NAI**, que entre nó e nó, atopou o equilibrio exacto entre o antigo e o actual, atendendo sempre á sostiabilidade e avogando polo uso de materiais cen por cento naturais, como madeira e algodón.

Ana Loredo, a muller esixente e perfeccionista tras a marca, decidiu facer do adverso unha oportunidade. Durante unha época

breve na que pasou a engrosar as listaxes do paro, decidiu confiar no seu potencial e coller as rendas poñendo en marcha unha idea na que a súa formación en Belas Artes e a súa especialidade en Deseño serían boa base. Conxugando estes ingredientes, o ano pasado **Ana** deu a luz a súa propia marca. Un proxecto que une de forma maxistral as paixóns e inquietudes desta viguesa: creatividade, decoración, deseño, fauna, flora e sostiabilidade. A premisa de *Nai* é realzar o valor da artesanía, da peza feita a man por persoas reais; o valor de cada obxecto único, irrepitible, de calidade, realizado en conciencia paseniñamente.

Entre os seus principais obxectos decorativos destaca «Carriña», unha lámpada trenzada con nome de muller; tamén hai algún que outro «Toxo» con forma de maceta que nos lembra máis ben a unha cesta creada polas mans dun mestre al experto; e mesmo atoparemos redes colgantes de *macramê* con forma de «Cunca» para termar da nosa planta favorita poñéndoas á altura que merece.



Se queres encher o teu lar de amor maternal, recomendámosche que busques en Instagram por **@nai_disenos** ou que deas unha volta pola rúa de Carral, onde á altura do número 7 está a tenda Vaidhe e no número 25 o salón P.Luca, locais nos que podes coñecer parte desta prole, unha froitos dunha matriz de natureza e tradición.



A AVOA



NAIR ROMERO

© [nairromerofoto](https://www.instagram.com/nairromerofoto)

Universida de Vigo

Participa! Envía a túa obra (fotografía, ilustración, poema, relato, viñeta etc.) a revista@amovida.gal
Consulta as bases en [amovida.gal/as-tuas-movidas](https://www.amovida.gal/as-tuas-movidas)



NETFLIX



SILVERBACK

ourplanet.com

geoPlaneta



EXPOSICIÓN XA ABERTA

NUESTRO PLANETA



Sede Afundación Vigo

Policarpo Sanz, 26

Horario: luns a sábado, 17.30 a 21.00 h

 Aplicamos medidas de seguridade e protección fronte á COVID-19

//Afundación

Obra Social ABANCA



**CONCELLO
DE VIGO**



VIGO

SET > DEC '20 **cultura**



Programación Municipal de ARTES ESCÉNICAS

Javi Tirado · Zanguango Teatro · Tiritirantes Circo Teatro · A Quinta do Cuadrante · Cinema Sticado · We Tum Tum · Jean Philippe Kikolas · Colectivo Verticalia · Vol'e Temps · Elefante Elegante · La Machina Teatro · El Pavón Teatro · Kamikaze · Companhia do Chapitô Talía Teatro · Teatro do Atlántico · Spasmo Teatro · La Quintana Teatro · Teatro Art'Imagem Rolabola · De Ste Xeito Producións · Ibuprofeno Teatro · Iron Skulls Co · Olivas Negras Luna Teatro · Danza Yllana, Klemark & Rami Eldar · Anita Maravillas · Exire · Caramuxo Teatro Producións Teatráis Excéntricas · Teatro Aforo · Da.Te Danza













INFORMACIÓN: www.vigocultura.org www.vigo.org
 Teléfonos: Desde Vigo. 010 / Desde móbil ou fóra de Vigo: 986 810 260
 Horario: Luns > Venres: 8:00 a 20:00 horas // Sábados: 10:00 a 14:00 horas

Vivimos nunha cidade fermosa